

PROGRAMACIÓN 2018

VENTE DE MARCHA XVIII edición (LUGARES MISTERIOSOS)

É o programa de **rotas de sendeirismo** dirixidas, preferentemente, á mocidade do concello pero aberto a tódolos veciños-as independentemente da súa idade.

Este ano as rotas divíndense en rotas dirixidas para a mocidade e rotas dirixidas a todos públicos (adultos, familias, etc...). nas rotas xuvenís haberá unha actividade complementaria á ruta, coa que enriquecer a actividade e motivar á mocidade a unha dobre actividade (facela ruta e maila actividade complementaria)

Este programa busca o cumprimento dos seguintes obxectivos:

- *Dar á xuventude unha alternativa saudable para a fin de semana*
- *Fomentalo necesario respecto polo medio ambiente natural.*
- *Favorecelo intercambio interxeneracional entre os veciños de Cambre.*
- *Coñecer fermosos lugares da nosa xeografía (cultura e patrimonio)*

Esta ano o tema que fará de fio conductor das rotas será **LUGARES MISTERIOSOS**: Refírese a lugares onde o maxico e a lenda mesturase co histórico; serán sitios que teñen algo que contar e que farán reflexionar ós senderistas. Os destinos deste ano non deixarán indiferentes a ninguén

Finalmente, e quizás unha das finalidades máis buscadas por nós, sexa a de buscar canles para que os participantes da actividade se relacionen entre si, fagan veciñanza, satisfacción de vivir en Cambre e valoración do propio, pois ó favorecer as relacións entre os veciños do concello facemos que o noso entorno diario sexa mellor e máis amable.

RUTA	DATA	DESTINO	ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA
132	FEBREIRO	Finis Terrae (Fisterra)	
133	MARZO	Sta. M^a Aguas Santas	HÍPICA
134	ABRIL	San Andrés de Teixido	
135	MAIO	A Lanzada	Kars en Sanxenxo
136	XUÑO	Tomar (Portugal)	
137	SETEMBRO	Cabo Home (Bueu)	Escalada, rappel
138	OUTUBRO	A Moura (Coirós)	
139	NOVEMBRO	Campolameiro	Obradoiros prehistóricos
140	DECEMBRO		

MoceARTE		
Programa que desenvolve as habilidades artísticas xuvenís e busca a convivencia entre arte e medio urbano.		
CCIÓN	DATAS	LUGARES
Cromático mural fest	Despois do san Xoán	Temple, Barcala, Cambre
	Pintado de 3 grandes murais con recoñecidos artistas	
	Obradoiro/exhibición	
	Concurso de murais/graffiti	

ESTE FINDE TEÑO PLAN VI edición

O departamento de Xuventude, no seu obxectivo de educar ós seus usuarios a través do lecer, como útil ferramenta para unha socialización positiva da xuventude na súa comunidade, organiza programas e actividades nos que traballar os valores da participación, a convivencia, os estilos de vida saudables e outros valores encamiñados a facer da mocidade o soporte do futuro.

Con estes principios nace o programa ESTE FINDE TEÑO PLAN, un programa que empezou a andar no ano 2013 e que busca favorecer as condutas positivas nos momentos de lecer e facilitar o acceso a determinados recursos (culturais, medioambientais, etc...) como un xeito favorecedor da adquisición de valores civicos e respetuosos co noso entorno nun espazo de tempo, os findes, nos que o lecer se presenta como a opción mais idonea para a xuventude.

As actividades que se poden atopar en EFTP son de todo tipo; intrepidas, aventureiras, formativas, culturais, viaxeiras, mediomambientais, nauticas... Todo ten cabida no programa, pero sempre guiados polos elementos básicos que se dan nas actividades no noso departamento e que son os principios irrenunciabes de todo o que facemos, é dicir, actividade segura, divertida e educativa.

A cultura, por exemplo, no caso das visitas ás grandes cidades (CityPlan) non ten por que ser unha pesadez nin provocar a fuxida da mocidade. Pode ser unha vía perfecta para coñecer unha cidade, facer vida social interactuando cos teus iguais e adquirir valores civicos. Comprender o noso pasado pode converternos en persoas mais respetuosas co patrimonio ou coas cousas comúns ou publicas que nos arrodean.

DATA	ACTIVIDADE	DESTINO	ACTIVIDADE COMP.
Marzo	Paintball	Por determinar	Visita poboación cercana
Abril	Cityplan	Sevilla, Vitoria Caceres, Pamplona Salamanca, Santander, Graná, Barcelona	Ciudad presenta por jovenes a jóvenes
Maio	Finde survival	Albergue O Coto (Arbo)	Introducción á supervivencia no medio natural
Xuño/outubro	Nautica	Ria de A Coruña	kaiak, paddle, motos agua
Setembro	Finde surf	Razo (carballo)	Surf

Tdi (Todos Deben Involucrarse)

Programa que busca o protagonismo absoluto da mocidade nas diferentes fases dos proxectos co apoio e a axuda do concello

ACTIVIDADE	DATAS	LUGARES	
Ciencia na Rúa	3º domingo setembro	Campo da feira	Con aaxx
Finde xuvenil	Setembro/outubro		
Magosto Xuvenil	Novembro (2º finde)	O Temple	Con aaxx

O VERAN XA ESTÁ AQUI

O departamento de Xuventude ten como programa para a época estival “O Verán xa está aquí”. A actividade principal é o campamento de verán, unha experiencia vital moi importante para os rapaces pois significa, en moitos dos casos, a súa primeira experiencia lonxe da casa e o comezo a valerse por si mesmos.

O programa “O verán xa está aquí” dirixese a mozos/as de idades comprendidas entre os 9 e os 17 anos. Este programa potencia obxectivos básicos como educar na igualdade, promover as condicións necesarias para fomentar e traballar a autonomía nas persoas xóvenes e facilitar a socialización positiva da nosa mocidade. Asumir responsabilidades, cumprir coas súas obrigas, fomentar o xogo limpo, o apoio ó compañeiro, traballar en equipo... e todo isto dun xeito ludico e motivador que converte ó campamento nunca experiencia sensacional e única

CAMPAMENTO	DESTINATARIOS	DATAS	DESTINO
Meniños (7-8 anos)	2010-2011	29-30/06	Guitiríz
Pequenos (9-12 anos)	2009-2006	Xullo, 6 días	Por determinar
Maiores (13-17 anos)	2001-2005	Xullo, 12 días	Por determinar

TRANS-FÓRMATE

Este programa parte da premisa de que a formación produce unha transformación do ser humano que o converte nunha persoa diferente:

- mellor, con mais coñecementos
- con mais elementos para a toma de decisións
- con mais recursos e coñecementos para a autonomía e a independencia
- con maior compromiso ó ter maiores coñecementos

Accion formativa	Contido/titulo	Duración	Datas
OBRADOIROS DE EMANCIPACIÓN	Búsqueda de emprego en redes	4 horas	Couching laboral. Sábado pola mañá. ABRIL
	Orientación laboral (currículum, entrevista, nóminas, dereitos, etc..)	4 horas	Sábado pola mañá. MAIO
	Manipulador de alimentos	4 horas	Sábado pola mañá. XUÑO
CURSO MONITOR DE TEMPO LIBRE		200 horas	Findes de SETEMBRO a febreiro
OBRADOIROS DE EMANCIPACIÓN	Cociña	4 horas	Sábados pola mañá. OUTUBRO
	Sexualidade	4 horas	Sabados pola mañá. NOVENBRO
	Primeiros auxilios	4 horas	Sabados pola mañá. DECEMBRO



CASA DA XUVENTUDE	
Espacio xuvenil para atención da mocidade do Temple e A Barcala	
ACTIVIDADE	DATAS
Eu Fun polo Mundo	1º xoves de mes
Por Fin É Venres*	Todos os venres
Kdadas**	Periodos vacacionais escolares

- *Por Fin é Venres
 - + 1º venres: Zumba
 - + 2º venres: torneo
 - + 3º venres: obradoiro
 - + 4º venres: organizado polos usuarios da Casa
- **Kdadas de nadal, semana santa, verán

OMIX

Correspondentes xuvenís	Cos institutos de Cambre
App omix cambre	Nova versión
tarxeTOM	
Carné Xove	
Asesoramentos	asociacionismo

ADEMAIS

- LOCAIS DE ENSAIO
- CASA ARRIGADA (Nova sede para a OMIX)